

Exercicio PAU: redacción de artigo divulgativo (máximo 400 palabras).

2. O Renacemento en Italia. Pintura.

Especifíquense as características da pintura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao Manierismo. Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Leonardo, Rafael, Miguel Anxo e Tiziano.

O Renacemento italiano desenvolveuse durante os séculos **XV (Quattrocento)** e **XVI (Cinquecento)** coa convicción de alcanzar un renacer universal recuperando o modelo clásico de Grecia e Roma. Xurdiu en Italia, onde nunca se perdeu de todo a herdanza romana e onde se deu o contexto ideal para fraguar o novo estilo: a prosperidade económica e o desenvolvemento do humanismo propiciou a actuación de mecenas como os Strozzi ou os Medici; alí chegaron intelectuais bizantinos tras a caída de Constantinopla (1453) que ampliaron o coñecemento dos clásicos; e os artistas adquiriron de maneira definitiva consideración, sendo moitos intelectuais ou mesmo “xenios”, como Leonardo da Vinci.

Pretendíase recuperar o clásico pero non copiándoo senón reinterpretándoo. Como elementos xerais podemos enumerar que se mesturan temática relixiosa e profana, e a mitoloxía será a gran protagonista. A valoración do home e o ascenso económico de certos grupos de poboación deu o pulo definitivo á retratística. Comezará a captarse a psique dos personaxes pero os xestos aínda son comedidos. O naturalismo progresa pero idealizado, representando a beleza absoluta; en liña con isto se recupera a paisaxe.

Persisten os soportes do gótico (táboa e muro) pero agora se introduce o lenzo. En canto ás técnicas segue o fresco, a témpera e irase xeralizando o óleo. Con esta novidade conséguense sutís veladuras e mellora a gradación das cores. A luz é homoxénea, difusa, aínda que se consegue unha volumetría máis realista. Persiste a liña sobre a cor, as composicións serán equilibradas e pechadas, coa figura ou figuras principais centralizando os cadros. As experimentacións coa perspectiva acadarán o seu obxectivo logrando a perspectiva científica ou lineal e a aérea, de Leonardo.

O **Quattrocento** foi a época da experimentación, con artistas de transición como Fra Angelico. Masaccio, Piero della Francesca ou Andrea Mantegna asentarán a nova linguaxe en Florencia.



Sandro Botticelli é o gran pintor das alegorías clásicas. Descifrar a súa simboloxía correspondía aos círculos humanistas entre os que destacaban os Medici. A primavera ou o Nacemento de Venus son grandes referentes. O ideal de beleza queda plasmado a través da modelo Simoneta, a natureza e a sensible gradación de cores.

O nacemento de Venus (1482)

O **Quinquecento** aporta a perfección e ten como núcleo a Roma. O gran xenio multidisciplinar **Leonardo da Vinci** marca as pautas con obras como A virxe das rochas, A última cea ou con retratos como A dama do armiño. A perspectiva aérea desdébuxa os contornos e aporta profundidade.

Os desposorios da Virxe ou A escola de Atenas, de **Rafael Sanzio** mostra aos personaxes en combinación con grandes arquitecturas de inspiración clásica. A variedade dos personaxes, as súas miradas e as súas posturas son un derroche de habilidade.



Capela Sixtina
(1508-12)



A Virxe das rochas (1486)

Miguel Anxo será o gran artista entre o Quinquecento e o Manierismo. Os frescos da Capela Sixtina aportan un ambiente de caos controlado que impacta ao espectador. A súa *"terribilitá"* vislúmbrase nos escorzos, as posicións helicoidais e as robustas formas dos personaxes.



Venus de Urbino
(1538)

A **pintura veneciana** ten un capítulo especial na Historia da Arte coas súas cores luminosas e cálidas. A Venus de Urbino, Carlos V a cabalo (representando ao emperador como vencedor contra os protestantes) ou Dánae recibindo a chuva de ouro, unha das súas mellores pinturas mitolóxicas ou "poesías" como as chamaba el.



Dánae recibindo a chuva de ouro
(1553)

Estes artigos son unha guía. Sobrepan as palabras prescritas pola CIUG tendo en conta que ao enfrentarse a un exame con todo o temario sempre se esquecen certas cousas.

Tedes que plasmar os vossos coñecementos (vocabulario artístico, artistas, obras...) pero é un artigo divulgativo polo que a redacción ten que axustarse a ese obxectivo (non esquematicedes ou poñades simplemente "listas" de referentes ou conceptos).